

SENIOR SANTIAGO, S.L.



"Aproveitei un baleiro que existía no mercado"

Eduardo Julio Simón Teijeiro

Datos básicos

Actividade:	Empresa de axuda a domicilio para enfermos e discapacitados
Sector de actividade	Servizos de limpeza, atención doméstica, terceira idade e nenos
Nº empregados	150
Inversión inicial	1.800 €
Financiamento inicial:	O investimento inicial foi financiado integramente con fondos propios e posteriormente se reinvestiron beneficios. No 2001, a forma xurídica pasa a ser unha S.L. e amplíase o capital social.
Web:	www.seniorsantiago.com
Municipio:	Santiago, A Coruña
Ano creación:	1997

Descrición do proxecto

Trátase dunha empresa de axuda a domicilio para coidar anciáns enfermos e discapacitados no seu propio contorno. Prestamos os nosos servizos as 24 horas do día, os 365 días ao ano.

Ademais, temos convenios con distintas asociacións, organismos e institucións para xestionar varios programas orientados a persoas enfermas ou discapacitadas de calquera idade que necesiten asistencia. Entre estes programas destacan por exemplo o "Programa Maiores" da Xunta ou o programa para estudantes discapacitados da Universidade de Santiago.

En todo caso, os servizos á terceira idade supoñen o 80% da nosa actividade. A nosa sede social está en Santiago, mais desde xaneiro de 2002, dispomos dunha oficina en Vigo, desde a que se coordinan as nosas operacións no sur de Galicia.



Datos empresa

Claves do éxito

Unha das principais claves foi aproveitar un oco que existía no mercado, nun contexto sociodemográfico moi concreto que suscitaba unha serie de demandas. Decidimos dar resposta a esta situación ofrecendo unha gama de servizos adaptados a esas necesidades e prestados baixo os máis estritos criterios de calidade.

Outra das claves radica no coidado que pomos na selección do persoal e na súa formación e reciclaxe continuos.

Por último, foi fundamental rodearnos de bos profesionais para xestionar os aspectos administrativos.


Situación actual

Atopámonos entre as tres primeiras empresas do sector en Galicia e seguimos crecendo a un ritmo bastante rápido.

Perfil cliente

Os nosos clientes son fundamentalmente persoas anciás que pertencen a un estrato socioeconómico acomodado e presentan algún tipo de dependencia.

Mais tamén son os nosos clientes algúns organismos públicos, institucións e asociacións que nos subcontratan servizos de asistencia a diversos colectivos, como alumnos con discapacidades, vítimas de accidentes laborais ou de tráfico, etc.



Idea inicial

A idea xorde a partires dunha prestación social substitutiva, que desenvolvín na Aula da Terceira Idade de Santiago. Traballaba como guía turístico e tiven un contacto moi directo co perfil de cliente que teño na actualidade. Contábanme os seus problemas e as súas inquedanzas, e detectei unha demanda insatisfeita dun servizo que, se ben comezaba a desenvolverse en varias cidades de España, non estaba presente en Santiago. Decidín entón crear a miña propia empresa de servizos especializados para persoas maiores. E construína desde cero, sen axudas bancarias, unicamente con fondos propios, traballando desde un centro de negocios. Posteriormente reinvestín os beneficios que ía obtendo.

Principales dificultades y amenazas futuras

Canto ás ameazas, estamos asistindo nos últimos anos a unha grande proliferación de empresas de asistencia a persoas maiores. Isto obriga a mellorar continuamente o servizo que ofrecemos, e basicamente iso depende da cualificación dos nosos empregados. Para nós, isto non supón en principio un problema porque fomos os pioneiros en Santiago, coñecemos ben o mercado e tratamos de anticiparnos ás necesidades dos nosos clientes. Por outra parte, traballamos sempre en calidade, o que sitúanos nos primeiros postos do ranking e afástanos da ameaza da competencia.

Unha potencial fonte de competencia serían as residencias que se están creando nos últimos anos. O custo dos nosos servizo equivale ao dunha residencia privada, non obstante a calidade de vida que supón para o cliente vivir na súa propia casa, non permite facer comparacións.

Perfil promotores

Eduardo Julio Simón é licenciado en Historia Antiga e en Arqueoloxía e doutor en Historia Antiga. Previamente á creación da súa empresa, desempeñou traballo voluntario con persoas maiores. A empresa conta con outro socio máis.

Aptitudes necesarias

Creo que é fundamental a capacidade de empatía cos usuarios, os empregados e os clientes. Ademais, dotes comerciais, don de xentes e moita constancia.



Guía de Actividad

Servizos a domicilio á terceira idade (www.guias.bicgalicia.es)

Motivacións

Demostrar aos demais as miñas capacidades

Dirixir persoas e organizacións

Ser o meu propio xefe

A independencia que proporciona

Gañar cartos

Formación

¿Recibiu información específica sobre a creación de empresas?

Non

¿Considera importante recibir formación específica sobre creación de empresas para desenvolver con éxito un proxecto empresarial?

Si, considéroo moi importante.

Anecdotario

Non dispoñible

